



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: Nomeamento de funcionaria interina do Concello de Carral de dona M<sup>a</sup> Mercedes Varela Cotelo (\*\*0193\*\*).**

**EXPEDIENTE: 2026/E005/000013**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000210**

Vista a proposta asinada dixitalmente pola técnica de Administración Xeral e responsable do departamento de Persoal, que se transcribe literalmente a continuación:

**“EXPEDIENTE 2026/E005/000013**


**DONA SONIA CAMPOS ARES**, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral e responsable do departamento de Persoal, en relación co nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a, administrativo/a da área económica, emite o seguinte informe-proposta en base aos seguintes

### **ANTECEDENTES**

- Decreto da alcaldía 184/2026, do 29 de abril de 2026, polo que se resolve declarar a dona Ana Isabel Sande Grela (\*\*1375\*\*) en situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público dende o 30 de abril de 2026.
- Providencia da alcaldía do 30 de abril de 2026 polo que se require ao departamento de Persoal que inicie as actuacións necesarias para a cobertura interina dunha praza de administrativo de intervención, mediante nomeamento de funcionario/a interino/a por vacante.
- Informe do departamento de Persoal no que se comproba a vixencia da bolsa de emprego de administrativos así como deben realizarse os chamamentos por orde de prelación e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas.
- Escritos dos oito primeiros candidatos onde comunican que están traballando noutra Administración e solicitan a súa permanencia na bolsa de emprego achegando vidas laborais.
- Documentación presentada pola candidata que acepta o posto, dona M<sup>a</sup> Mercedes Varela Cotelo, de acordo coa base décimo quinta (declaración xurada, número de afiliación Seguridade Social, certificado conta bancario, certificado médico).

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Artigo 10 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.LF.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia.
- Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## INFORME

1º.- O artigo 10 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que “1.- Son funcionario interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales con carácter temporal para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias: a) A existencia de prazas vacantes, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, (...)”

Atendendo ao anterior e tendo en conta que dona Ana Isabel Sande Grela (\*\*\*) foi declarada en situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público con data de efectos do 30 de abril de 2026, procede que se ocupe a vacante xurdida cun funcionario interino ata que se cubra definitivamente a praza por un funcionario de carreira ou por un período máximo de tres anos.

2º.- Este Concello ten en vigor unha bolsa de emprego de administrativos da que procede tirar para ocupar a vacante xurdida no departamento de intervención e da que estes servizos emitiron informe, que consta no expediente de Tedec 2026/E005/000013, sobre a vixencia da bolsa de emprego de administrativos aprobada por decreto da alcaldía 149/2026, do 9 de abril, así como do xeito de proceder cos chamamentos, de acordo coa base décimo terceira das bases reguladoras que rexeron o proceso selectivo e que foron aprobadas por decreto da alcaldía 172/2025, do 16 de abril de 2026, e dos requisitos que debe cumprir a persoa candidata para ocupar o posto.

2º.- Tendo en conta que a bolsa de administrativos está en vigor, procedeuse por parte do departamento de Persoal a chamar aos candidatos da mesma por orde de prelación como segue:

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	33,75	12,2	17,2	63,15	Suárez Expósito, Ignacio
2	28,25	14,8	19,49	62,54	González Pazos, Paula
3	27,75	12,55	18,2	58,5	Pallas Aldao, Sara
4	29,75	11,4	12,46	53,61	Álvarez García, Cristina
5	28	10,7	14,51	53,21	Méndez Gallart, Cristina
6	29	10,65	9,88	49,53	Coira López, M <sup>a</sup> José
7	27,5	10,9	8,9	47,3	Ruíz Valencia, Alberto
8	23,75	14,35	6,81	44,91	Adán Arcay, Lucía
9	27	13,1	2,6	42,7	Varela Cotelo, M <sup>a</sup> Mercedes



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

10	23,25	10,55	0	33,8	Pena Rodríguez, Antonio
----	-------	-------	---	------	----------------------------

Os/as oito primeiros/as candidatos/as comunican a este Concello o rexeitamento para ocupar o posto por estaren traballando noutras Administracións Públicas e acompañan vida laboral para que non quedar excluídas da bolsa pois de acordo coa base décimo terceira das bases reguladoras que rexeron o proceso selectivo (BOP nº 88 do 12 de maio de 2025) considéranse causas xustificadas para renunciar ao chamamento, as seguintes:

- Ter outra relación laboral no momento do chamamento.
- Estar en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desempeño das funcións propias do posto.
- Atoparse dentro das dezaseis semanas de permiso por nacemento de fillo, adopción ou acollemento.

3º.- Aceptado o posto por parte de dona María Mercedes Varela Cotelo (\*\*0193\*\*), esta remite por sede electrónica a documentación recollida na base décimo quinta (declaración xurada, número de afiliación Seguridade Social, certificado conta bancario, certificado médico) dando cumprimento ás condicións para ser nomeada funcionaria interina.

Por todo isto, estes servizos **PROPOÑEN**

**PRIMEIRO.**- Nomear funcionaria interina do Concello de Carral, praza de administrativo da área económica, posto da relación de postos de traballo 2.2.1.3, grupo C, subgrupo C1, a dona María Mercedes Varela Cotelo (\*\*0193\*\*) ata a cobertura definitiva da praza ou como máximo por un período de tres anos.

**SEGUNDO.**- Manter a bolsa de emprego de administrativos coa mesma orde de prelación que a aprobada por decreto da alcaldía 149/2026, do 9 de abril de 2026, por considerarse causas xustificadas para renunciar ao chamamento ter outra relación laboral.


**TERCEIRO.**- Notificar á presente resolución á interesada para proceder a toma de posesión.

**CUARTO.**- Informar á funcionaria que queda suxeita ao réxime disciplinario establecido no artigo 93 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como as incompatibilidades recollidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

E isto é todo o que teño a ben informar-propor, elevando esta proposta á alcaldía para a continuación do procedemento.”

Á vista do informe proposta, que serve de motivación deste acto de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e ao abeiro da base sétima, parágrafo segundo, das que rexen este procedemento,

**RESOLVO:**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

**PRIMEIRO.**-Nomear funcionaria interina do Concello de Carral, praza de administrativo da área económica, posto da relación de postos de traballo 2.2.1.3, grupo C, subgrupo C1, a dona María Mercedes Varela Cotelo (\*\*0193\*\*) ata a cobertura definitiva da praza ou como máximo por un período de tres anos.

**SEGUNDO.**- Manter a bolsa de emprego de administrativos coa mesma orde de prelación que a aprobada por decreto da alcaldía 149/2026, do 9 de abril de 2026, por considerarse causas xustificadas para renunciar ao chamamento ter outra relación laboral.

**TERCEIRO.**- Notificar á presente resolución á interesada para proceder a toma de posesión.

**CUARTO.**- Informar á funcionaria que queda suxeita ao réxime disciplinario establecido no artigo 93 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como as incompatibilidades recollidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**QUINTO.**- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e darlle conta ao pleno.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a Secretaria accidental

José Luis Fernández Mouriño

Sonia Campos Ares